



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTATÍSTICA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS UNIVERSIDADES DE A CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA, E VIGO E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A COLABORACIÓN NO "MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN TÉCNICAS ESTATÍSTICAS"**

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011

**REÚNENSE**

Por unha parte, o Excelentísimo Sr. D. José María Barja Pérez, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, en uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta Universidade, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG 26 de maio).

De outra parte o Excelentísimo Sr. D. Juan José Casares Long, Reitor Magnífico da Universidad de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación da misma en virtude de o seu nomeamento polo Decreto 99/2010, do 17 de xuño de 2010, publicado no DOG do 24 de xuño do mesmo año, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades e o Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro polo que se aproban os Estatutos da Universidad de Santiago de Compostela.

De outra parte, o Excelentísimo Sr. D. Salustiano Mato de la Iglesia, como Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, entidade domiciliada en Vigo, Campus Universitario, As Lagoas-Marcosende, s/n, CP 36310 y CIF Q8650002B, nomeado segundo Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 90/2010 do 10 de xuño publicado no DOG nº 114 do 17 de xuño de 2010, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 58 dos Estatutos aprobados polo Decreto 7/2010 do 14 de xaneiro e publicado no DOG nº 21 do 2 de febreiro de 2010 (BOE nº 69 do 20 de marzo de 2010)

Por outra, D. José Antonio Campo Andián, director do Instituto Galego de Estatística (IGE), actuando en nome e representación do mesmo, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 41.1 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia,

Todas as partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTATÍSTICA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## ACORDAN

A firma dun Convenio de Programas de Cooperación Educativa conforme ao Real Decreto 1497/1981, do 19 de xuño, actualizado polo Real Decreto 1845/1994, do 9 de setembro, no que participarán estudiantes do Máster Interuniversitario en Técnicas Estatísticas,, no que colaboran as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. A través deste convenio os alumnos poderán obter coñecemento das técnicas e a metodoloxía de traballo que regularmente se emprega no IGE, como suplemento práctico da súa formación teórica, e con vistas á realización do seu Traballo Fin de Máster.

O desenvolvemento deste Convenio rexerase polas seguintes

## CLAUSULAS

**Primeira.** – O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre o IGE e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento da formación práctica de alumnos matriculados no “Máster interuniversitario en técnicas estatísticas” que lle sirvan para adquirir unha experiencia enriquecedora para que, unha vez finalizado o seu período de estudos, poida dispoñer dunha perspectiva que lle permita o seu engarce no mundo laboral.

**Segunda.** –As prácticas desenvolveranse nos servizos ou unidades administrativas que o IGE, no ámbito das súas competencias, poñan a disposición do obxecto e fins deste convenio.

A selección das unidades administrativas para a realización de prácticas e o establecemento do número definitivo de alumnos/as aceptados corresponderá ao IGE, tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa. Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.

**Terceira.** – A selección dos alumnos e alumnas do Máster Interuniversitario en Técnicas Estatísticas que haxan de realizar a formación práctica no marco do presente convenio, corresponderá a Comisión Académica do Máster.

A Comisión Académica do Máster comunicará ao IGE os estudiantes que realizarán a formación práctica obxecto do presente convenio e os correspondentes contidos e obxectivos, sempre axustados ao ámbito das competencias do IGE. Esta comunicación farase sempre o mes anterior ao comezo das actividades prácticas que se solicitan.

**Cuarta.** – Os alumnos terán como titores a un profesional do IGE e a un profesor nomeado pola Comisión Académica do Máster. Os titores elaborarán de xeito personalizado para



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTATÍSTICA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

cada alumno un Plan de Traballo e que deberá ser aprobado pola comisión académica do Máster. Esta formación práctica está encamiñada á realización do Traballo Fin de Máster, cuxa dirección asumirá o profesor que determine a Comisión Académica do Máster.

**Quinta.** - O número total de horas de dedicación dos alumnos a este programa será de 250 horas realizadas durante o ano académico a partires do día seguinte a sinatura do presente convenio. Deste modo, a formación práctica dos alumnos matriculados no Máster interuniversitario en técnicas estatísticas non superará o 50% do tempo íntegro que constitúe o curso académico (30 créditos ECTS x 25 h =750 h).

**Sexta.** - O alumnado estará suxeito á duración, calendario, horario, lugar e actividade establecidos conxuntamente polas partes asinantes na forma que se indique no Plan de Traballo. Aplicaranse con dilixencia ás tarefas encomendadas e terán o deber de gardar sixilo sobre as tarefas que realicen.

Dado o carácter formativo das prácticas, os alumnos e alumnas non poderán asinar nin asumir responsabilidades nin realizar actuacións que esixan desempeño profesional.

O IGE poderá desistir, mediante resolución motivada, da formación daquel alumno ou alumna cuxo baixo grao de aproveitamento, falta de asistencia, interferencia co labor do centro ou outras causas relacionadas co incumprimento do mencionado compromiso, así o aconsellen.

**Sétima.** - Os alumnos e os Titores obríganse a presentar cadanseu informe final sobre o desenvolvemento e resultados deste Programa de Cooperación. Se a avaliación do informe é positiva e o informe da actuación favorable, o IGE emitiralle a cada un dos alumnos que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc., realizados. A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que das prácticas realice o Máster en Técnicas Estatísticas.

**Oitava.** - O IGE non se fará responsable dos accidentes ou enfermidades que o alumnado puidese padecer no transcurso das prácticas, nin tampouco dos danos que puidese ocasionar durante a realización de ditas prácticas a persoas ou bens.

As Universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña comprométense a que os alumnos en prácticas estean cubertos polo seguro escolar ou o correspondente seguro de accidentes para maiores de 28 anos que cubra a todos os alumnos durante os períodos de prácticas desenvoltos ao amparo deste convenio. A non adecuada acreditación deste seguro suporá a imposibilidade de realización das prácticas.

**Novena.** A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico algúin para as partes asinantes.



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTATÍSTICA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**Décima.** A realización de prácticas por parte dos estudiantes ao amparo do presente convenio, non constitúe vinculo laboral nin contractual de ningún tipo entre estes e as partes asinantes, non podendo xa que logo percibir contraprestación económica algúnhia nin ser incluídos no réxime da Seguridade Social.

**Undécima.** Para o desenvolvemento e control daquelas accións que, con motivo do presente convenio, sexan levadas a cabo, constituirase unha Comisión de seguimento, coa finalidade de resolver as dúbidas que se produzan na súa interpretación e aplicación. Esta comisión estará integrada por un representante por cada unha das institucións asinantes, e terá as seguintes competencias con respecto ás prácticas:

1. Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
2. Coordinar as accións e articular instrumentos de mellora e fórmulas de incremento da eficacia.
3. Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.

**Duodécima.** O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e queda excluído da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, artigo 4.1.c).

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na Comisión Técnica de Seguimento.

As cuestións litixiosas que se puidesen suscitar durante a vixencia deste convenio e que non puidesen ser resoltas por esa Comisión Técnica de Seguimento serán sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa de conformidade coa súa Lei reguladora 29/1998, do 13 de xullo.

**Décimo terceira** Serán causa de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- A denuncia unilateral por calquera das partes, sempre e cando se fundamente en deficiencias de funcionamento que resulten ser irresolubles.
- O transcurso do tempo estipulado sen que este se desenvolva.

**Décimo cuarta.** Este convenio entrará en vigor ao día seguinte do seu asinamento e estará vixente ata o remate do curso 2011-2012. Prorrogarase automaticamente por cursos académicos sucesivos se ningunha das dúas partes o denuncia de xeito expreso, avisando con tres meses de antelación.

En calquera caso, o convenio non poderá rescindirse no caso de que haxa alumnos seleccionados para realizar un período de prácticas, namentres non rematen estas.

Aos efectos de publicidade estarase ao disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG 3.08.06).



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTATÍSTICA




UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

En proba de conformidade, asínase o presente Convenio en quintuplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.

Pola Universidade de A Coruña <i>-O Reitor</i>  José María Barja Pérez	Pola Univ. de Santiago de Compostela <i>-O Reitor</i>  Juan José Casares Long
Pola Universidade de Vigo <i>-O Reitor</i>  Salustiano Mato de la Iglesia	Polo Instituto Galego de Estatística <i>O Director</i>  José Antonio Campo Andián